


**IES MONCHO VALCARCE**

# **PLAN ANUAL DE LECTURA**



**CURSO 2023-2024**

## 1. INTRODUCCIÓN

Como desenvolvemento do Proxecto Lector, elabórase o Plan Anual de Lectura que integra as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. O plan lector procura a adquisición e a mellora das competencias do noso alumnado e a formación de lectores autónomos capaces de comprender, reflexionar, interpretar e utilizar criticamente diversas fontes de información e documentación así como diferentes tipos de textos.

## 2. OBXECTIVOS

- Contribuír ao desenvolvemento do Proxecto Lector do centro.
- Mellorar a adquisición das competencias clave.
- Fomentar o emprego das distintas fontes de documentación e información.
- Mellorar o rendemento do noso alumnado traballando a comprensión oral e escrita.
- Conseguir a implicación do profesorado das distintas áreas para facer posible que o alumnado vaia adquirindo as competencias lingüísticas.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de acceso aos recursos da información.
- Fomentar o pracer pola lectura a través de distintas actividades e sempre contando co apoio do profesorado e cos fondos da biblioteca.
- Facilitar ao alumnado o acceso a información que sexa útil para a súa formación académica.
- Fomentar o uso de distintos tipos de textos (informativos, lúdicos, educativos....) en distintos soportes para desenvolver o sentido crítico do alumno.
- Ser conscientes da importancia da Biblioteca escolar como elemento transversal para acadar todos estes obxectivos.
- Incentivar e potenciar os hábitos de lectura e escritura dos alumnos desenvolvendo as habilidades lectoescriptoras propias de cada etapa para conquistar a suficiente fluidez en cada nivel.
- Mellorar a expresión escrita e a comprensión lectora, non só na área lingüística, senón nas diversas materias do currículo, incluíndo a animación á lectura na programación didáctica dos distintos departamentos.
- Fomentar que o alumnado descubra o gusto pola lectura, que a vexa como unha opción para encher o seu tempo de lecer e que a empreguen nos seus ratos de ocio.
- Trasladar o gusto pola lectura ó ámbito familiar e extraescolar e que este feito poida servir de nexo de unión ou de medio de achegamento entre as familias e o centro.
- Promover actividades e campañas para crear un ambiente favorable á lectura no centro escolar.

## 3. A BIBLIOTECA E O PLAN DE LECTURA

A biblioteca debe estar plenamente integrada no proxecto de lectura do centro levando a cabo actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e de información, de xeito que adquiran un hábito continuado que reforce a formación permanente.

A biblioteca escolar non só é un lugar integrado á actividade pedagóxica en tódalas áreas curriculares do ensino, senón tamén un lugar que debe facilitar todo tipo de recursos encamiñados ó fomento da lectura, constituindo un verdadeiro elemento transversal dentro da comunidade educativa.

### 3.1. Obxectivos da Biblioteca Escolar

- Facer da biblioteca un lugar agradable que favoreza as actividades de estudo e lectura.
- Reorganizar a colección da biblioteca para facela máis accesible a todos os usuarios e aumentar os fondos con obras que resulten interesantes e atractivas para o alumnado (obras literarias, divulgativas...)
- Diseñar actividades que impliquen aos distintos departamentos docentes e que sirvan para integrar a biblioteca como un recurso educativo.
- Difundir os servizos e recursos da biblioteca entre a comunidade educativa.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de acceso aos recursos de información.
- Atender as suxestións e as necesidades dos distintos departamentos e colaborar con eles nas actividades que promovan.
- Fomentar a utilización dos recursos dispoñibles na biblioteca para a realización de actividades de fomento e dinamización da lectura.

### 3.2. Actuacións xerais da Biblioteca.

- Favorecer o préstamo durante os periodos de lecer.
- Actualizar os fondos da biblioteca e poñer a disposición dos usuarios aqueles que os distintos departamentos establezan como obrigatorios nos seus plans de lectura.
- Avaliar a adecuación dos fondos dispoñibles na biblioteca e, se fose necesario, reorganizalos en colaboración cos distintos departamentos para adaptalos as necesidades da comunidade educativa.
- Promocionar o espazo físico da biblioteca como lugar lúdico e de coñecemento. As distintas actividades que se realizarán servirán para lograr este obxectivo.
- Contribuir á divulgación e promover a participación nas diferentes actividades relacionadas coa lectura e coa creación literaria e artística que se organicen no centro.
- Continuar cos clubs de lectura como estratexia que permite presentar a lectura como fonte de coñecemento e disfrute de maneira voluntaria ao tempo que axudan á socialización arredor da literatura.
- Colaborar co Club de lectura na elaboración da revista literaria *O buk de Monchín*.
- Programa de formación de usuarios. A formación dos usuarios deberá de ser continua ó longo do ano. Comezará, no primeiro trimestre, cunhas xornadas nas que pretendemos un achegamento básico do alumnado á biblioteca. Esta actividade será o inicio dun proceso de formación que se completará con actividades puntuais relacionadas co uso dos fondos da nosa biblioteca.
- Continuar a traballar as competencias no uso, tratamento e produción de información a través das actividades que incidan nas estratexias de investigación (búsqueda de información, selección de recursos e información...) promovidas no só desde a biblioteca e desde os distintos departamentos, senón tamén a través das materias de libre configuración impartidas no centro.
- Continuar coa promoción da lectura: información de novidades, suxestións de lectura, exposicións de fondos bibliográficos, exposicións temporais (sobre un autor, conmemoración, tema...), creación de murais, actualización do blog, dinamización da lectura a través de dispositivos dixitais (a biblioteca do noso centro forma parte do proxecto piloto *Lectura dixital ELBE.2*) ....
- Realizar actividades relacionadas coa lectura e, en xeral, coa creación literaria e artística para promover o desenvolvemento das competencias clave: convocatoria de certames literarios, de ilustración, actividades relacionadas cos libros e o cine (tema do club de lectura este ano), dramatización de textos, representacións teatrais...
- Promover encontros con autores e obradoiros en colaboración cos departamentos didácticos.
- Conmemorar datas e feitos relevantes. Destacamos o Día da Biblioteca Escolar, o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller, Día Internacional da poesía, Día do libro (organización do Mercadiño Solidario), Día das Letras Galegas...
- Apoiar e colaborar nos proxectos e actividades que se desenvolvan no centro.

- Colaborar nas actividades promovidas polo Equipo de Dinamización Lingüística.

As actividades e accións relacionadas co fomento da lectura dos distintos departamentos quedan recollidas nas correspondentes programacións didácticas.

### 3.3. Seguimento e avaliación.

Para a avaliación deste plan terase en conta:

- O cumprimento dos obxectivos.
- O grao de emprego da biblioteca: préstamos, uso dos fondos...
- A participación nas distintas actividades.
- Atenderemos e estudaremos todas as suxestións que nos cheguen.
- Continuaremos a valorar o uso da Biblioteca por parte do profesorado como recurso pedagóxico (uso dos materiais para a práctica educativa...)
- Mediante unha enquisa programada para o mes de xuño coñeceremos a valoración dos usuarios da biblioteca sobre o seu funcionamento.
- Ao finalizar o curso académico, recolleremos nun informe as conclusións derivadas.

## 4. CLUB DE LECTURA

### 1.- Título: **Eu, conto. Ti elixes: Relatos sobre os temas que che interesan.**

O nome do club fai referencia, por unha banda, a prioridade concedida aos textos narrativos (conto, novela, microrrelato), por outro a procura daqueles textos centrados nas preocupacións reais do propio alumnado participante (como estudante de secundaria e mesmo como adolescente) permitindo que sexan os rapaces e rapazas os que escollan aqueles temas que resulten do seu interese, o que abre a posibilidade de conxugar a lectura coas propias experiencias vitais destes lectores novos. Deste xeito, no club as lecturas seleccionaranse a partires dunha chuvia de ideas ou da resposta a unha enquisa sobre os temas que máis preocupan ao alumnado que acude ás sesións de lectura.

### 2.- Breve historia do club.

O noso club de lectura leva en marcha máis dunha década na que se ten dedicado á gran variedade de xéneros e subxéneros (terror, conto, poesía, cómic, fantasía e ciencia ficción, entre outros), e o último ano estivo centrado na diversidade intercultural. Baixo a coordinación do Equipo da Biblioteca, que actúa axudando e motivando, todos os anos intentamos consolidar un agrupamento que se sinta identificado como tal, dándolle toda a importancia posible aos seus integrantes, pois sabemos que moitos deles manteranse para a vindeira convocatoria e o noso punto de partida sempre son os intereses e necesidades do alumnado que, como xa se demostrou en outras ocasións manifestou a súa inqueda polo cómic, o manga e a novela gráfica, para que estes encontros lectores melloren a comunicación entre eles e a posibilidade de compartir gustos, emocións e opinións sobre as lecturas.

Ademais, desde a Biblioteca, sempre se procurou involucrar no proxecto a aqueles alumnos e alumnas que, polo seu perfil persoal ou social, se sentiron desarraigados e illados dentro do centro, entendendo o club como un lugar de integración e apoio, se ben na última convocatoria a relación presencial entre os membros foi menor, por mor do espazo.

O obxectivo fundamental, por tanto, é o de ofrecer unha bagaxe cultural que lles permitise aos alumnos e alumnas canalizar o seu gusto polos diversos xéneros, e combinar o gusto pola literatura de ficción cos intereses pola temática científica. Algo interesante, non só como lectura senón tamén como actividade creativa persoal. A mesma perspectiva trasladouse desde o primeiro ano a un club

de lectura para os adultos, no que este colectivo puido compartir tamén o gusto pola lectura; nesta ocasión tamén dedicado a vinculación entre ciencia e literatura.

### **3.- Finalidades. Relación co Proxecto Lector do centro e a biblioteca escolar.**

#### **a.- Finalidades:**

- Crear un ambiente propicio dentro da biblioteca escolar para que o alumnado implicado poida compartir gustos, inquiredanzas, emocións e opinións sobre as súas lecturas.
- Creacións dun ambiente proclive á experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Potenciar o uso da biblioteca entendendo que é un espazo beneficioso para desenvolver o hábito lector.
- Fomentar o gusto pola lectura como fonte de entretemento e pracer e como expresión de coñecemento e cultura.
- Promover e estimular a lectura da poesía como fonte de coñecemento e pracer estético.
- Iniciar ao alumnado no coñecemento dos grandes autores da Literatura Universal.
- Inculcar o interese por este xénero tan numeroso e polas actividades creativas relacionadas con esta desde a certeza de que son un pilar importante para o coñecemento do noso propio eu.
- Empregar a Web 2.0 (a través dos nosos blogs e da nosa páxina de Instagram) para reflexionar sobre as impresións que nos suxiren as lecturas e para divulgar as creacións literarias e audiovisuais que as lecturas susciten. - Promover o intercambio de fondos documentais entre bibliotecas escolares e municipais.

#### **b.- Relación co proxecto lector do centro.**

O club de lectura parte dos obxectivos xerais do Plan Lector do Centro e os adapta aos contidos e ás finalidades da súa actividade lectora. Algúns destes obxectivos comúns son:

- Facer partícipe na actividade ao conxunto da comunidade escolar do IES Moncho Valcarce de As Pontes.
- Tentar implicar os departamentos e as familias para facer posible este propósito.
- Tentar inculcar o pracer lector desde criterios non impositivos. - Harmonizar o plan de lectura co nivel de cada curso ou grupo.
- Crear ambientes que favorezan o desexo de ler e axuden a concibir a lectura como unha actividade pracenteira.
- Presentar a lectura e a escritura como fontes de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal indispensables na “sociedade da información”
- Fomentar o uso da Biblioteca como espazo de aprendizaxe e lecer.

#### **c.- Relación coa biblioteca escolar.**

O Equipo da Dinamización da Biblioteca é o encargado de levar a cabo a realización deste proxecto nomeando como coordinador a un dos seus membros, xestionando as propostas lectoras do alumnado implicado, así como as demais actividades (concursos, certames, recitais, curtametraxes, etc.), cuxa celebración este curso estará condicionada á posibilidade de realización que se desprenden da situación sanitaria, e tamén mercando libros e demais materiais ou solicitándoos a outras bibliotecas, participando activamente no seu desenvolvemento, entendendo sempre que o éxito da actividade depende da implicación da comunidade escolar, e moi concretamente, do alumnado do club.

### **4.- Actividades previstas e impulso da lectura en galego.**

#### **Club de Lectura de Alumn@s**

- Reunións nos primeiros recreos dos martes e xoves, para recomendacións de libros, procurando achegar aos rapaces e rapazas ás lecturas en lingua galega que lles resultan en ocasións máis difíciles, lecturas poéticas e reparto de tarefas relacionadas coas diferentes actividades previstas. En función da diversidade do alumnado e do número de participantes será posible a división do club en función das idades dos seus membros. En calquera caso, teremos dúas reunións semanais (os martes e os mércores no primeiro recreo). As reunións presenciais non impiden que se realicen encontros virtuais, que se decidirán en función das posibilidades concretas dos alumnos integrantes do club (videoconferencias, google drive, participación nalgún blog ou una rede social como Instagram, para a que xa contamos cunha conta para a biblioteca. Estas interaccións realizaranse utilizando a lingua galega.
- Continuación da nosa revista literaria, *O buk de Monchín*, escrita principalmente en lingua galega, mantendo os seus temas básicos: a creación literaria, recomendacións lectoras, entrevistas, e outros intereses dos propios alumnos e alumnas. Este ano a realización da revista farase coa colaboración

- entre os membros e membras do club de lectura. Coidarase a calidade tanto na forma como nos contidos. Por iso, nesta ocasión, a publicación irá orientada á literatura de temática científica en xeral.
- Participación en diferentes celebracións organizadas pola Biblioteca como: Febreiro, mes da poesía; Día da Muller Traballadora; Día do Libro, Día das Letras Galegas, etc.
  - Presenza de algún autor ou autora de narrativa xuvenil.
  - Celebración de certames literarios en xeral e de xeito máis específico de contos e continuidade para o certame de ilustración que se celebrou por primeira vez fai tres cursos.
  - Participación nun trivial de contos, para desentrañar a identidade de un autor ou unha obra oculta.
  - Celebración de recitais de relatos.
  - Realizacións de obradoiros literarios centrados sobre todo na escrita de guións cinematográficos (que se está a realizar, mesmo antes de que saíse a convocatoria do club de lectura)
  - Organización do Mercadiño Solidario en colaboración con algunha ONG (posiblemente en continuidade coa axuda a Ucraína do curso anterior.

### **Club de Lectura de Adultos**

Por sétimo ano consecutivo pretendemos implicar ao persoal adulto do centro (profesores, persoal non docente, ANPA, alumnado do Ciclo) na actividade lectora. Dende a Biblioteca proporemos trimestralmente a lectura de dous libros (un en galego e outro en castelá) e faremos reunións preferiblemente no primeiro recreo dos venres para intercambiar experiencias lectoras. Os libros deste curso serán escollidos polos propios participantes do club, en función dos intereses e inquedanzas.

### **5.- Composición e número de participantes. Implicación doutro profesorado do centro.**

Despois de informar acerca do proxecto, xa temos algúns alumnos interesados en formar parte do club, polo que contamos con parte dos alumnos e alumnas implicados o curso pasado máis novos interesados no proxecto. Como xa dixemos, aínda que non sabemos que alumnos van formar parte do grupo, organizaremos o desenvolvemento das reunións presenciais considerando dúas sesións de traballo pois é previsible que o número de participantes se aproxime a vinte.

Tamén contamos cos adultos participantes no Club de Lectura do curso anterior (agás aqueles que xa non están no centro) e novos profesores e persoal non docente dispostos a participar nas reunións. Arredor de dez persoas participarán no Club de adultos, aínda que o número definitivo está sen concretar. Como o ano pasado medrou o número de nais implicadas, esperamos que o número siga a medrar ou canto menos se manteña.

### **6.- Forma de organización e funcionamento.**

- O equipo de Dinamización da Biblioteca fará trimestralmente unha sesión avaliativa que recolla a evolución das lecturas, a implicación de profesores e alumnos, as incidencias que poida haber e as suxestións feitas para mellorar a actividade.
- Se a situación o permite nalgún momento, potenciaranse os intercambios de fondos documentais con outras bibliotecas locais ou veciñas (Biblioteca Municipal de As Pontes, Biblioteca Municipal de As Somozas).

### **7.- Horario e calendario.**

Os horarios de reunión será os martes e os xoves durante o primeiro recreo (de 10:10 a 10:30h) para o alumnado, e o segundo recreo dos xoves (de 12.10 a 12:30 h) para o Club de Lectura de Adultos. Para outras actividades relacionadas co Club de Lectura que vaian xurdindo ao longo do curso (presenza de escritores, recitais poéticos, etc.) teremos en conta o horario dos profesores que forman

parte do equipo da biblioteca para o servizo de préstamo. Pedirase permiso á dirección do centro para que os alumnos implicados no Club de Lectura poidan participar nestas actividades.

### **8.- Persoa responsable/Coordinadora**

A coordinadora do Club de lectura (tanto do alumnado como dos adultos) é a profesora de Lingua Castelá e Literatura Diana Aradas Blanco.

### **9.- Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.**

- Elaboración de carteis informativos que o equipo da biblioteca amosará nas aulas e que tamén estarán dispoñibles no blog da biblioteca en nas redes sociais.
- Envío de correos electrónicos ás familias a través dos titores.
- Información da actividade aos xefes de departamento na CCP por parte do Coordinador da Biblioteca.
  - Promoción da actividade dentro da vila a través da televisión e a radio local.
- Creación de entradas no blog da biblioteca <http://bibliomoncho.blogspot.com>: horario, grupos, lecturas, recensións das obras lidas, valoración da actividade, opinións dos lectores, etc.
- Información a través da páxina de instagram: [biblioteca\\_moncho\\_valcarce](https://www.instagram.com/biblioteca_moncho_valcarce)
- Revista: *O buk de Monchín*, que tamén conta con un enderezo electrónico para achegar textos e demais suxestións: [bukdemonchin@gmail.com](mailto:bukdemonchin@gmail.com).

## **5.- COLABORACIÓN DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS NO PLAN LECTOR**

### **DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

O departamento de Filosofía de IES Moncho Valcarce, colaborará no proxecto lector de varios modos, tendo en conta que nas disciplinas filosóficas é imprescindible o traballo con textos filosóficos adecuados a cada nivel, e que a lectura destes textos e o reto de entendelaos é básico e de obrigado cumprimento para todos os alumnos/as.

Interesa que o alumnado desenvolva a súa capacidade argumentadora redactando coidadas disertacións que logo serán expostas publicamente. Búscase, tamén, desenvolver a capacidade de expresión e argumentación oral a través de diálogos filosóficos e debates na aula e no foro de argumentación e debate dos cursos da aula virtual..

Para isto empregaranse, ademais dos textos clásicos dalgúns filósofos, a lectura de obras literarias modernas de ficción a través das que se analizarán algúns dos problemas e conceptos filosóficos relevantes a fin de conseguir mellorar a comprensión lectora e a expresividade oral, e de acercar ó alumnado dun modo ameno ós problemas filosóficos máis relevantes.

Na materia "*Filosofía*" de 1º de bacharelato suxeriranse, como lecturas voluntarias –entre outras– as seguintes:

- VVAA: "La historia más bella del mundo". Ed. Anagrama
- Aldous Huxley: Un mundo feliz, Ed. Plaza & Janés
- Aldous Huxley: "La isla", Ed. Pocket Edhasa.
- Miguel Delibes: "Un mundo que agoniza", Ed. Plaza & Janés - Herman Hesse: "Demian", Alianza Editorial
- Marguerite Yourcenar: "Opus Nigrum", Editorial Alfaguara.
- Joaquín Borrell: "La lágrima de Atenea, Editorial Plaza & Janés / Editorial Alba

- VVAA: “La historia más bella del hombre”, Editorial Anagrama
- George Orwell: “1984”, Editorial Destino
- Ray Bradbury: “Fahrenheit 451”, Editorial Minotauro.
- Mika Waltari: “Sinuhé el egipcio”, Editorial Plaza & Janés / Editorial Porrúa / Editorial De Bolsillo. - Mary
- Renault: “La máscara de Apolo”, Editorial Edhasa.
- Platón: “Apoloxía de Sócrates”, Alianza Editorial / Editorial Akal
- Isaac Asimov: “El robot humano”, Los Jet de Plaza & Janés.
- Muriel Barbery: “La elegancia del erizo”, Editorial Seix Barral
- Tzvetan Todorov: “El miedo a los bárbaros”, Círculo de lectores.
- Erich Fromm: “El miedo a la libertad”, cap. VI: La psicología del nazismo, Editorial Paidós.

Na materia “*Psicología*” de 2º de bacharelato, como nas demais materias do departamento de filosofía, non se establece libro de texto, tódolos materiais (apuntamentos, textos, tarefas...), estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual e tamén, na medida do posible, no servizo de reprografía na conserxaría do centro.

Manuais de apoio, lecturas recomendadas, fragmentos ou películas enteiras, análise de artigos e páxinas web constituirán os principais recursos empregados dos cales se amosa, a continuación, unha escolma:

- Joaquín M<sup>a</sup> Machado de Assis: “El Alienista”, Universidad Nacional Autónoma de México
- Sigmund Freud: “El malestar en la cultura”, Alianza Editorial
- Oliver Sacks, “Un antropólogo en Marte”, Editorial Anagrama
- Erich Fromm, “El miedo a la libertad”, Editorial Paidós.
- B.F. Skinner, “Walden dos: hacia una sociedad científicamente construida”, Ed. Martínez Roca
- Franz Kafka, “Carta al padre”, Alianza Editorial
- Antonio Damasio: “El error de Descartes”, Editorial Destino.
- O curso de Psicología do profesor Rafael Robles: <http://rafaelrobles.com/filo/index.php?title=Psicolog%C3%ADa>
- A páxina <http://www.biopsicologia.net>, que afronta interrogantes relacionadas coa actividade cerebral, os procesos mentais superiores e o noso comportamento.
- Blog de Psicología para o bacharelato: <http://psicologiaiesbartolome.blogspot.com.es>
- Video “El poder del inconsciente”: <http://dai.ly/x78o1p>
- Redes Psicología, La ciencia de la belleza: [https://youtu.be/k\\_vxjR11G2M](https://youtu.be/k_vxjR11G2M)
- ¿Qué es la psicología?, Video de Educatina: <https://www.youtube.com/watch?v=zmHsmvDdMc8>



- Breve historia de la psicología (video): <https://youtu.be/bNYc1Gde9DE>
- “Introducción a la Psicología”, [https://youtu.be/MMF5\\_b\\_CVQk](https://youtu.be/MMF5_b_CVQk)
- “Conductismo”, video: <https://www.youtube.com/watch?v=TMivqOieF2M>
- “Psicología de la Gestalt”, <https://youtu.be/XWQrIzVni4Y>
- Oliver Sacks, ¿Qué revelan las alucinaciones de nuestra mente??: <https://www.youtube.com/watch?v=etj2G-zFsNU>
- Blog do psicólogo Santiago Benjumea: <https://benjumea.wordpress.com>
- Conferencia de B.F. Skinner a psiquiatras y psicólogos: <https://www.youtube.com/watch?v=29zRk9Lidhw>
- Canal de Clase Psicología: <https://www.youtube.com/user/ClasePsicologia2/videos>
- Diccionario de Psicología: <http://www.naturpsico.net/diccionario-psicologia/>
- La Ola. Denis Gansel (2008).
- “El milagro de Anna Sullivan”, Arthur Penn (1962).
- “Recuerda”, de Alfred Hitchcock

Na materia “*Historia da Filosofía*” de 2º de bacharelato, as lecturas recomendadas aparecerán presentadas no curso “Historia da Filosofía. Curso 2020/2021” da aula virtual do centro; nel encontrarán tamén múltiples enlaces a páxinas web especializadas, enlaces a vídeos, películas e outros recursos. Estarán case sempre directamente vinculadas á selección de textos proposta pola CIUGA para a realización das probas ABAU. Como lecturas completas especialmente recomendables nesta materia e curso, breves e moi directamente relacionadas con distintos estándares de aprendizaxe:

- Platón: “Apoloxía de Sócrates”
- I. Kant: “Qué es la Ilustración”

Como material de consulta e ampliación da información proporcionarase ó alumnado bibliografía. As recomendacións bibliográficas serán adecuadas ó nivel no que se atopa. A meirande parte desa bibliografía a atopará na biblioteca do centro.

Como material de consulta recomendamos:

- Libros de texto varios (“Historia da Filosofía”, Ed. Anaya, coordinado por Diego Sánchez Meca;
- Serie “Reflexiona” da Editorial Santillana; “Historia da Filosofía” da Editorial Vicens-Vives, etc.)
- Atlas filosófico
- KRUNZMAN P. e outros, “Atlas de filosofía”, Alianza Editorial, Madrid.
- Diccionarios filosóficos
- FERRATER J., Diccionario de filosofía abreviado, Editorial Edhasa e Diccionario de grandes filósofos, Alianza Editorial.

Por outra banda, o departamento mostrou ó “Clube de lectura” do centro a súa dispoñibilidade para colaborar coas actividades de lectura e comentario de lectura que este grupo realiza, extendéndoas ó alumnado de 1º de bacharelato, en función do interese destes.

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

O departamento de Física e Química, recomenda a lectura optativa de diferentes libros de divulgación científica:

- ***Ciencia para Nicolás. Ed. Laetoli, S. L.*** Un profesor de Ciencias en educación secundaria escribe un libro para un dos seus alumnos, Nicolás. Así, pretende introduci-lo no mundo da ciencia, ademais de aconsellalo, animalo, e, sobre todo, ensinalo.
- ***Las damas del laboratorio., Mª José Casado.*** A autora presenta e reivindica a traxectoria científica de moitas mulleres: Hypatia, Marie Curie, María Andrea Casamayor... Todas elas adicaron a súa vida á Ciencia e, no seu tempo, non foron recoñecidas.
- ***Un planeta en busca de energía. P. Gómez Romero.*** Desde que Watt perfeccionou a máquina de vapor deseñada por Newcomen os seres humanos aprenderon a usar a enerxía liberada polos combustibles fósiles. O consumo desmedido destes combustibles estanos levando a problemas relacionados coa enerxía e co medio ambiente.
- ***Eurekas y euforias: cómo entender la ciencia a través de sus anécdotas. Walter Gratzer.*** O autor capta a cara humana dos descubrimentos científicos, mentres relata diversas e intrigantes historias de aventuras científicas que abarcan dous mil anos de historia.

## DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Encadrado no PCC (Proxecto Curricular de Centro) dende esta materia imos fomentar o proxecto lector, co fin de inculcar o hábito lector entre o alumnado desta etapa. Do que se trata non é de cargar de lectura aos alumnos, senón facer que eles mesmos se acheguen á lectura pouco a pouco, dunha maneira global Dende tódalas materias.

Así, na aula leremos libros adaptados ao nivel de cada tipo de alumnado e de acordo cos seus intereses, facendo de seguido preguntas de comprensión e resumos; tamén traballaremos con artigos de periódicos para que vexan unha das aplicacións principias da lectura; e por suposto, con textos auténticos en soporte dixital ( dentro do programa de utilización de TICs).

## DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

Como contribución ao Plan Lector,o Dep. de Linguas Clásicas prevé:

- ✓ Contribuír a unha mellor organización da aprendizaxe favorecendo, a través do estudio de dúas linguas flexivas as destrezas de reflexión lingüística e memoria.
- ✓ Contribuír a búsqueda do rigor lóxico na comprensión e expresión do alumnado, sobre todo a través do estudio do latín polas especiais características desta lingua.
- ✓ Contribuír ao aumento da sensibilidade estética do alumnado a través da entrada en contacto coa civilización grecolatina, buscando unha lectura máis competente.
- ✓ Conquerir unha reflexión máis profunda sobre a creación literaria e as súas formas a través do estudio do nacemento dos xéneros literarios gregos e latinos (nun nivel introdutorio para 4º de E.S.O., e nun nivel algo superior en 1º e 2º de Bac).

- ✓ Mellorar o léxico propio do alumno/a a través do estudo da etimoloxía.
- ✓ Promover a búsqueda de información en distintas fontes, a partir dunha bibliografía e dictionaria dadas, para ampliación de coñecementos en temas de cultura grega e romana: mitoloxía, realia, arte, etc.

Para acadar estes obxectivos, este Departamento propón as seguintes medidas:

En **Latín 1º BAC** como materia propia de modalidade: En cada avaliación se len na aula unha media de dez fragmentos traducidos de obras da literatura grega e latina pertencentes a distintos xéneros. Primeiro faise lectura individual, logo colectiva e comentario.

En **Latín 2º BAC** como materias propias da modalidade: a práctica da tradución é aínda máis intensa posto que se centra en dous autores que son estudado en profundidade. Neste curso: Eutropio e Fedro. Procurarase tamén que o alumnado teña ocasión de ler estes autores traducidos:

- OVIDIO: Arte de amar.
- FEDRO: Fábulas.
- TITO LIVIO: Ab urbe condita, I, 56, 4-60
- TÁCITO: Agrícola, 29-38
- OVIDIO: Metamorfoses, I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.
- CATULO: Poemas 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.
- PLAUTO: Miles Gloriosus.

## DEPARTAMENTO LINGUA CASTELÁ

Desde o departamento de Lengua Castellana e Literatura seguiranse as directrices do Plan Lector, tratando de acadar o obxectivo de “educar o gusto pola calidade lectora e procurar que a lectura sexa unha actividade de disfrute e enriquecemento para o alumn@”. Tendo isto en conta, a lectura non se convertirá nun mero elemento de cualificación senón que se poñerá especial empeño en asesorar ós alumn@s na búsqueda de lecturas que lles resulten agradables dentro sempre dun criterio de calidade potenciando as lecturas clásicas xuvenís. Na ESO ofertarase en cada avaliación unha lista aberta de títulos e garantirase a presenza dalgúns exemplares dos mesmos na biblioteca do centro.

## DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

Ademais das lecturas obrigatorias, unha por trimestre, nos dous ciclos da ESO e no BAC., en 1º de ESO adícase unha hora semanal á lectura na aula. Trabállanse en todos os niveis textos e nas actividades extraescolares e complementarias potenciase o encontro con escritores. Debido ás condicións sanitarias excepcionais que estamos vivindo este curso o departamento estuda a posibilidade de realizar algunhas actividades por medios telemáticos.

Listado de lecturas obrigatorias curso 2023/24 por niveis educativos:

### 1º ESO:

- 1ª avaliación: CASTRO, Francisco, *Chamademe Simbad*, Galaxia

- 2ª avaliación: YANEZ RODRÍGUEZ, Antra, *O misterio de Portomarin*, Galaxia
- 3ª avaliación: COSTAS, Leticia, *O neno de lume*, Xerais

#### 2º ESO:

- 1ª avaliación: FERNANDEZ PAZ, Agustin, *Cartas de inverno*, Xerais
- 2ª avaliación: MEJUTO, Eva, *22 segundos*, Ed. Xerais
- 3ª avaliación: NÚÑEZ SINGALA, Manuel, *O achado do castro*, Ed. Galaxia

#### 3º ESO:

- 1ª avaliación: MAYORAL, Marina, *Tristes armas*, Xerais {Fora de xogo}
- 2ª avaliación: {sen determinar}
- 3ª avaliación: {sen determinar}

#### 4º ESO:

- 1ª avaliación: RODRÍGUEZ CASTELAO, A, *Os dous de sempre*, Galaxia
- 2ª avaliación: MACEIRAS, Andrea, *Europa Express*, Xerais
- 3ª avaliación: FREIRE CORDEIRO, Carlos, *Acio sanguento*, Xerais

#### 1º BACHARELATO:

- 1ª avaliación: VILA SEXTO, Carlos, *As sete mortes*, Galaxia
- 2ª avaliación: CAJARAVILLE, Héctor, *A caixiña dos rancores*, Xerais
- 3ª avaliación: CASTRO, Francisco, *Tes afa as dez*, Ed. Galaxia

## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

A contribución do departamento de Matemáticas co Plan Lector do centro baséase nos aspectos seguintes:

- Tratamento e fomento da lectura.
- Lectura comprensiva dos enunciados dos problemas. Lecturas dos libros de texto do alumnado  
Uso de artigos de xornais e revistas para analizar os contidos (sobre todo nos temas de función e estatística).
- Traballos escritos: elaboración de enunciados de problemas a partir de datos dados.
- Exposicións orais dos traballos realizados (bloque estatística do terceiro trimestre).

## DEPARTAMENTO DE MÚSICA

O profesorado do noso departamento potenciará o uso das novas tecnoloxías no desenvolvemento da asignatura mediante diversos procedementos. Valgan como exemplos: realizando traballos de búsqueda na rede, gravacións en formato dixital das interpretacións e creacións do alumnado, uso de editores dixitais, así como o uso da tecnoloxía na metodoloxía docente.

Potenciarase o fomento da lectura:

- Artigos de crítica musical da prensa diaria ou revistas especializadas.
- Páxinas web ou enlaces relacionados cos contidos en función do curso.
- Lectura en clase de pasaxes de libros que sirvan como complemento dos contidos a tratar.

A lingua como Instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, na explicación sobre cómo interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Un dos problemas máis graves que plantexan os alumnos actuais é a dificultade de comprender textos escritos. Segun os estudos de PISA, o programa da OCDE que ten como obxectivo medir as capacidades dos alumnos dos países membros de dita organización á idade de 15 anos, en España o 21% do alumnado non pasa do nivel 1 dos 5 establecidos pola organización.

Isto significa que 1 de cada 5 alumnos españois non comprende o tema principal dun texto corrente e tampouco detecta as ideas principais sinxelas e que estén explícitamente formuladas. Pero isto non quere dicir que o outro 79% non teña limitacións. Por experiencia sabemos que a maioría dos alumnos carece dun vocabulario rico, polo que non comprende moitas palabras que se emplean na prensa, na literatura ou nun texto científico; son incapaces de darse conta dos matices e das ideas e relacións que están implícitas no texto; e non entenden o significado das metáforas e doutras figuras literarias .

A orixe destas dificultades non é ningún misterio: os alumnos len pouco. Por iso, dende o Departamento de Xeografía e Historia intentarase fomentar a lectura non só como fonte de traballo e estudo senón tamén como unha fonte de pracer e que pase a formar parte dos seus intereses máis cercanos.

### **CRITERIOS DE SELECCIÓN DE LECTURAS**

- ✓ Relación co temario do curso. Desta forma, o “tempo de lectura” non é unha actividade illada da dinámica da clase. O alumno aprenderá lendo á vez que aprende a ler e reforzará o estudo na clase.
- ✓ A variedade. Seleccionando textos periodísticos, literarios, científicos... Trátase de facer dos alumnos persoas competentes na lectura de todo tipo de textos e de lograr que, a vez, tomen conciencia de que poden aprender Historia e Xeografía a través de medios escritos variados: prensa, revistas de divulgación, enciclopedias, novelas, etc

- ✓ A lonxitude adecuada. Fuxir de presentar textos demasiado curtos, que descontextualizan as ideas e impiden ós lectores seguir a argumentación do autor, así como de seleccionar textos demasiado longos, que nos se poidan ler e traballar en clase nun máximo de trinta minutos.
- ✓ A dificultade. Seleccionar textos e lecturas máis sinxelas no primeiro ciclo da ESO e ir aumentando a dificultade nos cursos superiores de 3º e 4º.
- ✓ A iniciativa persoal. Deixar que o alumno elixa lecturas de temas coñecidos e de actualidade: cine, música, deportes e que se sinta implicado na súa elección.
- ✓ O traballo de aula. Distribuir grupos de traballo e organizar actividades e debates nos que todos participen.
- ✓ A biblioteca escolar. Como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro e factor de compensación social.

## AVALIACIÓN

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrentarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

En As Pontes, a 10 de outubro de 2023